

## Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Setembro 2005 COMUNICADO

### O prezo do leite descendeu un 0,5% en setembro de 2005 con respecto ao mes anterior

O prezo do leite percibido polos gandeiros descendeu en setembro de 2005 un 0,5% en relación ao mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en setembro de 2005, que se situou en 29,1 euros por cen litros, descendeu un 0,5% con respecto ao prezo de agosto. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no -2,5%. Con respecto ao prezo de setembro de 2004 a variación foi dun -7,2%, que en termos de datos corrixidos de estacionalidade se converte nun -7,0%.

Atendendo ás compoñentes do prezo, foron as primas as que contribuíron ao descenso do prezo total xa que diminuíron un 5,3% en setembro con respecto a agosto. O prezo base aumentou con respecto a agosto un 0,5%. Con respecto a setembro de 2004, descendeu tanto o prezo base como o total de primas, o primeiro un 8,5% e as segundas un 1,6%.

### O prezo do leite aumentou en A Coruña, Ourense e Pontevedra e descendeu en Lugo en setembro de 2005 con respecto a agosto de 2005

Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite aumentou en A Coruña, Ourense e Pontevedra en setembro de 2005 con respecto a agosto, mentres que en Lugo se produciu un descenso do 2,8%. O maior aumento produciuse en Ourense (2,5%), o crecemento foi máis reducido en A Coruña (1,3%) e en Pontevedra (1,2%). Con respecto a setembro de 2004, o prezo por provincias descende en todas elas.


#### Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Setembro 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	29,1	-0,5%	-7,2%
Prezo base	24,2	0,5%	-8,5%
Total primas	5,0	-5,3%	-1,6%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Prezo total	29,0	-2,5%	-7,0%
Prezo base	24,1	-0,7%	-8,4%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras



No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)